


ANIMADOR

Diocese de Ourense - Lectio Divina

TEMA 8: DEUS TEN A ÚLTIMA PALABRA

"Vin un ceo novo e unha terra nova"

(Ap 21, 1)



“Esperar significa e implica un corazón humilde, pobre. Só un pobre sabe esperar. Quen está cheo de si e dos seus bens, non sabe poñer a confianza en ningún outro senón en si mesmo”.
(Papa Francisco, 01/02/2017)

Soñando o Ideal

COMEZAMOS cun **canto** e encomendando a Deus este momento de Lectio Divina.

ORACIÓN DE INICIO

*Señor Xesús,
estamos aquí reunidos para escoitar a túa Palabra
que nos fala na vida e na Sagrada Escritura.
Dános a alegría de experimentarte próximo,
de coñecerte cada día un pouco máis,
de chegar aos poucos ao fondo do teu corazón.
Sabemos que só ti es a fonte de toda felicidade,
por iso queremos enchernos de ti.
Desta forma sabemos, tamén,
que faremos máis felices a todos os que nos rodean.
Dános lucidez para atoparte,
corazón ardente para amarte e valentía para servirte.
Dános a graza de saber orar
e levar unha vida de acordo á nosa oración.
Que poidamos ser no medio do noso mundo
ese grao de sal e esa faísca de luz
que ilumine, alegre e dea sabor
á vida de todos os que nos rodean. AMÉN.*

I. MIRANDO XUNTOS A NOSA REALIDADE

Lemos o seguinte relato:

Xoán é un alumno de secundaria. E é unha dor de cabeza para os seus pais porque arrastra os estudos ano tras ano. O curioso é que

pasa moito tempo dedicado a tarefas do colexio. Fai todo o que lle mandan e elabora uns cadernos excelentes, coidando mil detalles, pero no que é estudar e dar conta das materias, é un desastre. Di que iso non lle gusta.

DIALOGAMOS:

Xoán é estudante.

- *A que dedica o seu tempo? Iso é bo ou é malo?*
- *Que consecuencias lle traerá o non estudar?*
- *E nós: en que gastamos o noso tempo?*

Di o Papa aos mozos: Mozos... non confundan a felicidade cun diván nin vivan toda a súa vida detrás dunha pantalla (Christus Vivit, 143).

II. ESCOITEMOS A PALABRA DE DEUS

Preparámonos facendo silencio interior para acoller a mensaxe que o Señor quere transmitirnos coa súa Palabra.

Pode axudarnos facer un momento de silencio, abrir unha Biblia e acender unha vela.

Logo un do grupo proclama **Ap 21, 1-7**:

¹Logo vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

²Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma a esposa que está engalanada para o seu esposo. ³E sentín unha forte voz que desde o trono dicía: «Velaquí a tenda de

Deus onda os homes. Acampará entre eles: eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañeiro». ⁴Enxugará todas as bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis. Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa. ⁵O que estaba sentado no trono dixo: «Vede que volvo novas todas as cousas». E mandóuseme: «Escribe, porque estas palabras merecen fe e din a verdade». ⁶E seguiu dicindo: «Xa están renovadas: eu son o Alfa e o Omega, o Principio e a Fin. A quen teña sede, heille dar de beber gratis auga das fontes da vida. ⁷O vencedor será herdeiro de todo isto. Eu serei para el o seu Deus e el será para min o meu fillo».

Volvamos ler este texto deixando que a Palabra de Deus toque os nosos corazóns.

A aparición da Nova Xerusalén ocupa o centro do relato. É un agasallo de Deus e instaura unha nova orde de cousas.

- O autor sagrado describiu ao longo de libro da Apocalipse, as loitas do tempo presente. *Que pasou con ese mundo?* (v.4)
- O mar, símbolo das forzas do mal, xa non existe. *Quen aparece? Enumera as calidades da nova Xerusalén.*
- Fixemos a nosa atención agora nas consecuencias de que a Nova Xerusalén irrompa na historia. *Enumera as consecuencias que resalta o relato.*

A presenza da Nova Xerusalén, agasallo gratuito de Deus, é unha realidade xa en xerme e colma as aspiracións que ansía a

humanidade: Deus habita no medio do seu pobo (Mt 18,20; Jn 14,23). Anhelamos a súa vinda en plenitude para que aniquile todo sufrimento e dor.

III. MEDITACIÓN

Desde sempre houbo dúas tendencias na Igrexa ao fixar a mirada en Xesús. Unha é velo como un mestre sabio que nos ensina a vivir neste mundo. Outra é a do que anuncia unha Vida Eterna que será real e plena despois do tempo presente. Non deben ser excluíntes, pero, ás veces, o son...

Logo vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran (v. 1) O mundo presente é semente de eternidade, pero pasará. Non sabemos nin como nin cando, pero pasará. *Sabemos relativizar tanto o ben como o mal do tempo presente, sabendo que son pasaxeiros ou máis ben vivimos coma se isto que nos rodea durara eternamente? Poderíamos indicar sinais ou probas do que dicimos?*

“Unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus” (v. 2) A Nova Xerusalén, o mundo futuro é agasallo de Deus. *Vivimos e rezamos poñendo nas mans de Deus todo o que somos e facemos? Desexamos alcanzar a Vida Eterna?*

“Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa. O que estaba sentado no trono dixo: «Escribe, porque estas palabras merecen fe e din a verdade»” (vv.4-5) *É firme a nosa fe en Deus, na Vida futura? Rezamos pedindo que a nosa fe non vacile?*

IV. CONTEMPLACIÓN E ORACIÓN

É momento para a ORACIÓN e o COMPROMISO....

Volvemos ler o texto bíblico...

Facemos SILENCIO para a oración persoal.... (Se parece oportuno expresamos en voz alta nosas peticións)

Pidámoslle ao Señor a graza de confiar nos seus plans...de anhelar a Vida Eterna...

Podemos terminar cantando **Unha nova vida** ou outro canto que nos fale da Vida Futura.

MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O ANIMADOR *Ap 21, 1-7*

Escenario de lectura

O libro da Apocalipse é a culminación do *corpus* xoánico, despregando con linguaxe apocalíptica a celebración litúrxica das vodas do Cordeiro, iniciadas xa no cuarto Evanxeo (todo o Evanxeo segundo san Xoán pode lerse en clave esponsal: os desposorios de Deus coa humanidade).

A nosa pasaxe sitúase ao final do libro (e ao final do NT e da Biblia enteira), onde se nos fala da nova creación e da nova Xerusalén (Ap 21,1-22,5) antes do epílogo que o pecha (Ap 22,6-21).

Desde o inicio todo apunta a este final, onde triunfa o Cordeiro a pesar de todas as forzas contrarias que parecen opoñérselle e vencer. A ler a Apocalipse axudan, entre outras pasaxes do AT (por exemplo, Dn 7), os primeiros seis capítulos do libro da Sabedoría.

Comentario

- **v. 1.** Ceo (novo) e terra (nova) é un merismo¹. Ademais, este merismo lembra o binomio Deus (ceo) – home (terra), cf. Sal 115,16: “O ceo é o ceo de Yhwh, a terra deulla ao home”.

“O mar xa non existía”. Na cosmología semita (e das relixións circundantes), o mar é o lugar no que reside o mal, as forzas contrarias a Deus e alí confinadas por El (cando Xesús calma o mar en tempestade, é moito máis que un mero milagre sobre a natureza). Que non exista o mar é un sinónimo de que, na nova creación, non hai espazo para o mal. Con todo, non deixa de ser curioso que con anterioridade se nos diga no libro que, diante do trono do Cordeiro, hai “como un mar de cristal” (cf. Ap 4,6; 15,2). En tal caso, non se trata de que desapareza, senón de que se transforme: un mar transparente xa non dá medo porque podo ver que hai nel, deixa de ser o lugar do descoñecido e hostil.

- **v. 2.** A nova Xerusalén (= a Igrexa) resulta ser a esposa da voda.

¹ O merismo (do grego *merismos*, “división”) consiste en unir ou xuntar termos opostos para expresar unha totalidade (día e noite, do oriente ao occidente, mozos e vellos, pequenos e grandes, ceo e terra, etc.). Cf. J.-N. ALETTI, M. GILBERT, J.-L. SKA, S. DE VULPILLIÈRES, *Vocabulario razonado de la exégesis bíblica*. Los términos, las aproximaciones, los autores (Instrumentos para el estudio de la Biblia XV; Verbo Divino; Navarra 2007) p. 110.

- **v. 3.** A Igrexa (= a nova Xerusalén) é presentada como a morada de Deus no medio dos homes, onde *Deus en persoa* estará con eles como o seu Deus.
O actual binomio *corpus mysticum* (=Iglesia) – *corpus verum* (Eucaristía), en orixe era á inversa: *corpus mysticum* (=Eucaristía) – *corpus verum* (= Iglesia). A Igrexa é, dalgún xeito, a corporalidade do seu Señor. A comunidade eclesial ten unha certa sacramentalidade.
- **v. 4.** A situación de bágoas enxugadas, a ausencia de morte, duelo, berros ou fatiga refírese, en sentido pleno, á vida eterna, ao ceo. Pero, ao longo de todo o libro da Apocalipse, ponse en evidencia a tensión escatolóxica (xa – aínda non): a Igrexa é onde se vive xa o que un día será plenamente no ceo. Dito con palabras de Ruíz de la Peña: o esperante cristián é o operante na dirección do esperado. O que vai ser no ceo debe animarnos a inicialo xa neste mundo. Doutro xeito, facer que Xesús reine “aquí” como, de feito, reina “alí”.
- **v. 5.** O “facer novo” é mellor entendelo no sentido de renovar, non no sentido de novidade *ex nihilo*.
- **vv. 6-7.** En realidade, o v. 7 establece unha comparación co seguinte: ao vencedor (v. 7) opóñense os covardes, corrompidos, asasinados, luxuriosos, bruxos, idólatras e falsarios (v. 8). Dobre é o destino: dos primeiros a herdanza dunha fonte gratuíta de auga viva (v. 6), dos segundos a morte segunda (= o inferno). Como norma, na Apocalipse, vida e morte primeira refírense respectivamente ao pecado (morte) e á graza (vida), fundamentalmente a bautismal. A vida e morte segunda son, pola súa banda, ceo e inferno.